

**CARA A UNHA CULTURA
DA SUSTENTABILIDADE
(VALORES, MUDANZA
CULTURAL E ECOSOCIALISMO
NO SÉCULO DA GRAN PROBA)**

Jorge Riechmann

Universidad Autónoma de Madrid

Nas condicións actuais o probable é o catastrófico. Non sei baixo que forma, pode ser unha mestura de guerra e de catástrofe ecolóxica [...]. Porén, tamén existiu o improbable na acción humana [...] Sobre o futuro non hai certeza ningunha [...]. Abofé, fáltanos a conciencia de humanidade planetaria que se atopa en xerme nas grandes relixións universalistas, e no humanismo occidental, que aínda non está desenvolvida. A humanidade concretouse a través dunha mesma comunidade de destino e atópase, desde agora en diante, ante ameazas mortais. A metamorfose non é probable...

Edgar Morin¹

Penso, logo estorbo.

Lema da Academia de Pensamiento Crítico²

1

O séptimo dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio —eses importantes compromisos internacionais que os países ricos asinan cerimonialmente coa firme intención de non os cumpriren— reza así: «Garantir a sustentabilidade do medio natural». Xa esta formulación nos remite á **notable embrolla, repleta de ambigüidades e equívocos, que rodea a cuestión do desenvolvemento sus-**

¹ Morin, Edgar (xunto con Patrick Viveret) (2011): *Cómo vivir en tiempos de crisis*, Barcelona, Icaria, 26 e 29.

² <http://academiapensamientocritico.org/>.

table: pois non resulta difícil pensar que **induce a un duplo erro**. En primeiro lugar, apunta cara a un «medio natural» circundante e distinto de nós, e así apuntala unha errónea idea de separación entre natureza e sociedade. En segundo lugar, por suposto que non é a sustentabilidade dos sistemas naturais o que hai que garantir: é a sustentabilidade dos hoxe moi insostibles sistemas humanos. Non son os ecosistemas os que están a dar problemas, senón as sociedades humanas as que están a chocar violentamente contra os límites biofísicos do planeta.

Como se ve, resulta preciso tratar de disipar os numerosos equívocos que penden sobre o concepto de «desenvolvemento sustentable», e a iso se dedicará a reflexión que vai a seguir.

2

A crise ecolóxica non é un problema ecolóxico: é un problema humano. Trátase de quecemento climático *antropoxénico*, de sobreconsumo de recursos *polas sociedades humanas*, de extinción masiva de especies *por causa da conduta humana*... O impacto non procede de —digamos— ningún enorme asteroide que chocase, por algún mal fado, contra a Terra (tal e como sospeitamos que ocorreu en anteriores crises biosféricas): o impacto causámolo nós. Por iso deberíamos falar sempre de *crise socioecolóxica ou ecolóxico-social*. E ter sempre claro que, no canto de «xestión» dos recursos naturais ou «xestión» das crises ambientais, para saírmos do atranco o que precisamos é basicamente *autoxestión humana*. Unha maneira diferente de nos conducirmos —tanto individual como, sobre todo, colectivamente.

3

A idea de que podemos vivir facendo caso omiso das constricións ecolóxicas e termodinámicas é nova —apenas se abriu paso nos últimos douscentos anos, o período da Revolución Industrial—; **é insensata; e terá unha vida breve** (en termos históricos). Creamos unha lamentable economía da expansión material continua, e unha lamentable cultura da xeración constante de apetencias que buscan

satisfacción inmediata. Semellante economía e cultura (capitalismo e consumismo, para abreviar) resultan extraordinariamente disfuncionais para o medio onde de xeito irremediable se desenvolven: a biosfera. O reaxuste é inevitable e todo indica que vai resultar terrible. Este *Homo sapiens* tan escasamente *sapiens* vai ter que aprender —rápida e brutalmente— a vivir de novo baixo constricións ecolóxicas: iso ou perecer. Ora ben, *os seres humanos somos perfectamente capaces de vivir baixo constricións ecolóxicas*: de feito, levamos moitos miles de anos facendo así. Hoxe trátase en boa medida de redescubriremos eses equilibrios entre natureza e sociedade —esas pautas de sustentabilidade, diríamos en linguaxe máis contemporánea— e de os aplicarmos á crítica situación en que nos atopamos.

4

Xa o desfacérmonos dalgunhas crenzas falsas sería darmos un enorme paso adiante. A miúdo o mellor xeito de orientarmos os nosos pasos é desbotar os peores camiños equivocados (*docta ignorantia*). Refírome a crenzas tan básicas para a nosa sociedade produtivista/consumista como as seguintes: A) a economía pode crecer indefinidamente dentro dunha biosfera finita; B) os mercados competitivos permiten facer fronte eficientemente ás situacións de escaseza; C) a nosa tecnoloxía, para efectos prácticos, fainos omnipotentes. Se deixásemos de enganarnos respecto a estas cuestións básicas, estaríamos en mellor situación para avanzarmos rapidamente cara á sustentabilidade.

Un cartel publicitario en espazos públicos madrileños, en 2010: «No Ano Internacional da Biodiversidade FALA DE BIODIVERSIDADE. Porque algo é importante cando empezas a falar diso». (O lema principal era CONSUMIMOS EN OITO MESES O QUE A NATUREZA TARDA UN ANO EN PRODUCIR, xunto cunha foto dunha mazá mordida, que figura á vez o planeta Terra.)

É certo... Para os seres falantes que somos os seres humanos —carne que fala—, é certo que as valoracións sobre o importante e o insignificante se constrúen nas conversas, os diálogos, o intercambio de razóns. É un problema só chega ao espazo público —ou se mantén nel— se falamos del...

Algo é importante cando empezas a falar diso. FALA DE CAPITALISMO...

5

Como formulaba elocuentemente George Monbiot en 2002:

O capitalismo é un culto milenarista, elevado ao rango de relixión mundial [...]. Igual que os cristiáns imaxinan que o seu Deus os salvará da morte, os capitalistas cren que os seus os librarán da finitude. Aos recursos do mundo, aseveran, foilles garantida a vida eterna. Abonda unha reflexión breve para amosar que isto non pode ser verdade. As leis da termodinámica imponen límites intrínsecos á produción biolóxica. Mesmo a devolución da débeda, o prerequisite do capitalismo, resulta matematicamente posible só a curto prazo. Heinrich Haussmann calculou que un simple *pfennig* investido ao 5 % de xuro composto no ano cero da nosa era sumaría hoxe un volume de ouro de 134 000 millóns de veces o peso do planeta. O capitalismo persegue un valor de produción comensurable co reembolso da débeda [...].

A produción material non pode crecer ao ritmo do xuro composto con que se acumulan as débedas (ou os retornos dos investimentos): mais ese imposible é un suposto básico do capitalismo.

(A organización do crédito, nunha economía ecoloxizada, debe ser radicalmente diferente á actual. Hai toda clase de boas razóns para socializar a banca —e canto antes mellor.)

6

Redución do uso da enerxía e materiais precisa para as economías dos países ricos seren máis ou menos sustentables: 90 % (segundo os cálculos do proxecto Towards a Sustainable Europe en 1993-1996). Se isto se quere lograr con medidas de ecoeficiencia, sería posible —comenta Joachim Spangenberg— en medio século, operando cun «factor 10».

Mais, se neste tempo a economía segue a crecer ao 2 %, precisaríamos un «factor 27» e, se crece ao 3 % —o limiar da creación neta de emprego nunha economía como a española!—, un «factor 45»... **O crecemento expoñencial dentro de ambientes finitos presenta problemas que simplemente non teñen solución.**

Nun planeta finito, con seres finitos como somos os humanos, a sustentabilidade é incompatible cun sistema económico que precisa vender cantidades sempre crecentes de mercadorías —sen límite— para subsistir. **Podes ter sustentabilidade ou podes ter capitalismo, mais non podes telos ambos á vez.**

7

Unha cabana, xunto dun luminoso mar azul, con bandexas de froita baixo as palmeiras e a compañía de amigos ou amigas con quen perder saborosamente o tempo xuntos, a xogar e a conversar... Alucina constatar na publicidade dos *resorts* turísticos máis exclusivos como o ideal de descanso que ofrece o capitalismo non é outra cousa que a vida sinxela das vilas precapitalistas, destruída vesanicamente no mundo enteiro só para ser ofrecida máis tarde —na súa forma privatizada e mercantilizada, claro está— ás elites de multimillonarios que poden acceder a ese luxo supremo. De xeito xenérico, e pese aos matices que sen dúbida cabe introducir, **a economía capitalista non crea riqueza: crea escaseza, unha escaseza de orde superior.**

8

«Canto é suficiente?» é unha pregunta que non ten sentido dentro do capitalismo (porque o dinamismo cego da acumulación de capital non pode deterse sen o derrubamento do sistema). **Non hai sustentabilidade sen autocontención; e non hai posibilidade de autocontención colectiva dentro do capitalismo.** Tal e como sinalan Santiago Alba Rico e Carlos Fernández Liria na interesantísima reflexión antropolóxica que propoñen en *El naufragio del hombre*:

Unha das necesidades máis imperiosas do sistema capitalista é a de se reproducir sempre en escala ampliada. Por iso é polo que as nosas clases políticas viven sempre obsesionadas co crecemento, vixiando se a economía crece ou non dabondo. A este respecto, Immanuel Wallerstein, tras acabar o seu inesquecible estudo sobre o capitalismo histórico, concluía dicindo que, visto no seu conxunto, se trata dun sistema «patentemente

absurdo», pois «prodúcese capital para producir máis capital». O de menos é se polo camiño se satisfán as necesidades humanas ou sociais. O capitalismo precisa producir capital para acumular e producir aínda máis capital. «Os capitalistas», dicía Wallerstein, «son coma ratos nunha roda, que corren cada vez máis á présa a fin de correr aínda máis á présa»³.

9

No nivel de consumo de España, o planeta non podería soportar máis ca 2400 millóns de habitantes. Sobrarían, xa que logo, máis das dúas terceiras partes da humanidade...

Aínda máis: nun mundo que utilizase os seus recursos naturais e servizos ambientais ao nivel en que o fan os EUA hoxe —que se propoñen como modelo ao resto do mundo!—, só poderían vivir 1400 millóns de persoas. **Se continuamos pola senda deste «modelo de desenvolvemento», os xenocidios están preprogramados.**

10

Os «catro motores asociados e, ao mesmo tempo, descontrolados» que —a dicir de Edgar Morin— moven a nave espacial Terra, a saber: ciencia, técnica, industria e capitalismo, conducíronnos a un violento choque cos límites biofísicos do planeta. É hora de revisar a fondo eses motores. **É hora dunha economía de «equilibrio biofísico e crecemento moral»,** por exemplo esa *economía de estado estacionario* (quizais sería mellor traducir *steady-state* por «homeostática») reivindicada por Herman E. Daly, quen precisa: «Vai ser moi difícil definir a suficiencia e construír o concepto no interior da teoría económica, e da práctica. Mais creo que aínda sería moito máis difícil seguir a actuar coma se “abondo” non existise».

³ Alba Rico, Santiago / Carlos Fernández Liria (2010): *El naufragio del hombre*, Hondarribia/Fuenterrabía, Hiru, 90.

11

O noso problema non debería ser que facemos cos residuos, senón como organizamos a produción, o traballo e o consumo. O problema dos residuos (a polución, o quecemento climático etc.) é derivado: as causas están na organización da produción, o traballo e o consumo. Principios de organización social como o de *suficiencia* (ou autocontención), o de *biomímese* (ou coherencia entre os sistemas humanos e os sistemas naturais) e o de *precaución* deben figurar na equipaxe que precisamos para avanzarmos cara a sociedades sostibles.

12

A ecoeficiencia é unha condición necesaria para a sustentabilidade; infelizmente, non só non é unha condición suficiente para esta (como a vulgata empresarial e governamental do «desenvolvemento sustentable» parece crer), **senón que pode converterse nunha trampa** que nos afaste dos nosos obxectivos. En efecto, baixo o capitalismo as ganancias na eficiencia con que a economía aproveita a enerxía e os materiais traducíronse non en diminucións da presión sobre os ecosistemas, senón en abaratamento dos prezos e en aumentos do consumo (nun proceso ben caracterizado polos economistas como «efecto rebote»). No sintagma —xa lexicalizado— «aforro e eficiencia» (referido por exemplo á enerxía) non somos quen de ver o potencial de conflito: a miúdo, na práctica, a eficiencia obra contra o aforro.

13

Se aspiramos de veras á sustentabilidade, daquela non estamos a falar de mello-ras incrementais, senón dun cambio de modelo. A científica experta en biomasa Mercedes Ballesteros escribe:

Partimos [no debate sobre os biocombustibles] dunha realidade moi concreta. Centos de millóns de coches móvense no mundo con derivados do petróleo e, gústenos ou non,

vano seguir a facer durante os próximos anos. Xa que logo, é imprescindible que a análise dos aspectos positivos e negativos dos biocombustibles a fagamos comparando, punto por punto, cos derivados do petróleo.

Estas palabras da xefa da Unidade de Biomasa do CIEMAT delimitan ben os termos do dilema ao que nos enfrontamos. Se aceptamos «gústenos ou non» que o modelo de transporte actual é inamovible nas súas grandes dimensións, como o fai Ballesteros, daquela a política ambiental fica reducida a tratar de lograr melloiras marxinais a partir da insostible situación actual. Mais *esas melloras marxinais (de ecoeficiencia en sentido amplo) non nos sacan da insustentabilidade*: se hai que tirar unha lección dos fracasos de política ambiental nos últimos tres decenios, sería esa. Sabemos que, para avanzar *de verdade* cara a unha sociedade sostible, o que hai que pór en marcha é *un cambio de modelo: outra forma de producirmos, consumirmos, traballarmos, desprazármonos...*

14

Practicar desprazamentos de impactos, facéndoos pasar por reducións de impactos, é o tramposo xogo de mans ao que polo xeral se consagraron estas políticas ambientais «avanzadas» das rexións máis industrializadas do planeta, nos últimos tres decenios. Así, o *leitmotiv* ou máximo fío condutor destas políticas, o *obxectivo de «desacoplar crecemento económico e impacto ambiental»*, é *enganoso*: se ben na UE —por exemplo— varios Estados membros lograron no decenio 1995-2005 un desacoplamento relativo entre o crecemento do PIB e o uso de enerxía, iso non se traduciu nunha redución das presións ambientais en termos absolutos, porque o consumo de recursos en termos absolutos se mantivo máis ou menos constante nos últimos dous decenios. Pero o que é máis importante: *o «desacoplamento» dentro das fronteiras da UE débese sobre todo ao incremento das importacións de recursos naturais, que compensan a redución da produción ou extracción en Europa. É «externalización» de impactos, exportación de danos, e non verdadeiro desacoplamento*⁴.

⁴ O incremento acumulado en emisións de dióxido de carbono de 1990 a 2010 é do 45 %; entre 2000 e 2010, do 30 %. Os descensos nos países máis ricos compensáronse abundantemente polos aumentos dos

15

A inxenuidade idealista —se non o autoengano ou o cinismo— de afirmar que se poden «redefinir os obxectivos da empresa» capitalista para estes, no canto de perseguiren o beneficio privado, serviren o ben común... Mais o certo é que, no plano microeconómico, unha empresa capitalista que non persiga o máximo beneficio, operando en mercados competitivos, será borrada do mapa. E, no plano macroeconómico, a lóxica da acumulación de capital impulsa á vez o crecemento económico e a destrución ecolóxica...

Soberanía do consumidor? Poder dos consumidores? Só se poderían pór esperanzas en algo así se a masa de consumidores non fose ela mesma un produto do capitalismo corporativo. Os conglomerados de poder empresarial manufacturan as subxectividades dos compradores de mercadorías, igual que manufacturan as mercadorías...

Non podemos confiar no poder dos consumidores: só no dos cidadáns e cidadás. O poder potencial do consumidor —que é real— non pode actualizarse en tanto el ou ela actúan como consumidores: só a través da articulación dos cidadáns.

16

En sociedades con mercados, a fiscalidade ecolóxica é probablemente a pedra de toque para calibrar a vontade dos sectores dirixentes de avanzar cara a unha sociedade sostible. Mais tanto Gobernos do PSOE como do PP, desde hai dous decenios, se opuxeron a unha carga fiscal crecente sobre os combustibles fósiles harmonizada a escala europea. E nos últimos anos é pouquísimo o que se fixo para avanzar neste eido: apenas o retoque á carga fiscal asociada á matriculación de automóbiles. Infelizmente, tampouco a infausta poxa de rebaixas fiscais á que asistimos na campaña electoral do 9-M de 2008 permite esperar que ningún dos dous grandes partidos dea desde o Goberno central, nestes anos próximos, os pasos firmes cara a unha verdadeira reforma fiscal ecolóxica que precisamos. E, en 2011-2012, a violenta reacción de case o mundo enteiro —incluíndo os EUA,

países «en vías de desenvolvemento», que non deixaron de aumentar o seu uso de carbón e petróleo. De feito, os descensos deses países ricos explícanse en boa parte polo traslado da produción máis intensiva en enerxía a países como a China ou a India: véxase Méndez, Rafael (2011): «Las emisiones no bajan: se mudan», *El País*, 8 de outubro.

Rusia, a China e a India— contra o intento da UE de gravar cunha tímida taxa «verde» a aviación comercial dámos outra vez a medida do desbocado produtivismo que segue a prevalecer.

17

O *marketing* perverte, e o «*marketing verde*» perverte de forma especializada. Os seres humanos somos moi bos á hora de nos autoenganarmos e de dissociarmos as nosas condutas dos nosos valores, mais ao longo dos últimos oitenta anos a mercadotecnia capitalista exacerbou e refinou estas disposicións ata as converter nunha tremebunda patoloxía social. Unha sociedade onde a maioría confunde a vida cunha cinta de debuxos animados está a renunciar aos recursos con que podería evitar a autodestrución.

18

O desenvolvemento sustentable era unha boa idea; a perspectiva dos servizos ecosistémicos é outra boa idea. Mais no contexto político-cultural en que nos atopamos, **dentro do marco conformado pola ideoloxía neoliberal que prevalece, estas boas ideas acaban producindo resultados contrarios aos propósitos dos que as puxeron en circulación:** convértense nunha ferramenta adicional para a destrución da natureza. (Erik Gómez-Baggethun amosouno ben, no caso dos *ecosystem services*, coa súa tese de doutoramento.)

19

Se a economía xa parecía unha «ciencia lúgubre» hai máis de século e medio (a Thomas Carlyle, no seu ensaio de 1849 «Occasional Discourse on the Negro Question»), que dicir da economía ecolóxica, coa súa insistencia na natureza entrópica do noso mundo, na limitación dos recursos, na necesidade de austeridade? De aí que debamos insistir decontino non só nas constricións materiais

que veñen impostas pola finitude da biosfera, senón nas enormes posibilidades de liberdade humana e boa vida que se abren cando aceptamos formas de vida máis igualitarias, cooperativas e coidadoras da natureza. **Ecologizar a economía e a sociedade non é só apertar o cinto: tamén é vivir mellor.**

20

Falar moito sobre o medio natural non significa estar a actuar eficazmente contra a crise ecolóxico-social. Intoxicámonos de realidade virtual, mentres a devastación continúa. E adormecemos cos datos demoscópicos que nos falan dunha conciencia ecolóxica crecente —aínda que estea divorciada da conduta—, e coas medidas gradualistas que prometen unha mellora incremental nalgún aspecto ambiental —malia que o que precisaríamos son momentos de ruptura para producirmos, traballarmos e consumirmos doutro xeito.

21

O 4 de abril de 1992, nos prolegómenos do «Cumio de Río» sobre medio natural e desenvolvemento (UNCED polas súas siglas en inglés), Maurice Strong —secretario xeral dela— declaraba: «O noso modelo de desenvolvemento, que conduce á destrución dos recursos naturais, non é viable. Debemos mudalo». A desoladora resposta chegaba dos beizos de George Bush (pai), presidente dos EUA: «O noso modo de vida non é negociable». Máis de tres lustros despois, seguimos aí. **A camarilla nihilista que non acepta a necesidade de transformar a nosa way of life aínda segue ao mando,** mentres que os problemas empeoraron dramaticamente.

Non era ningún ecoloxista radical, senón o secretario xeral de Nacións Unidas, Ban Ki-moon, quen perante os máis de 1500 delegados presentes na reunión da Organización Mundial de Meteoroloxía, último foro preparatorio do Cumio de Copenhague en decembro de 2009 (pola súa vez, quizais, a última oportunidade para tratar de evitar a catástrofe climática que estamos a urdir), afirmaba: «Temos o pé atoadado no acelerador e rodamos cara ao abismo». Isto é sobrio e veraz.

O signo dos tempos —os nosos tempos terribles—: dous cargueiros alemáns chamados *Fraternity* e *Foresight* abren por vez primeira o «paso do noroeste» en setembro de 2009, aproveitando que o quecemento global desxa ominosamente o Ártico en verán. Trátase da ruta que une Europa con Asia a través de Siberia, e —con arrepiante simbolismo— o que transportan ambos os buques son senllas turbinas de gas para unha central eléctrica que Rusia está a construír na cidade siberiana de Surgut. Vale dicir material para incrementar aínda máis as emisións de dióxido de carbono e así realimentar o quecemento global. Máis leña, en suma, para a pira onde imos arder.

Cara ao abismo a toda máquina, co pé encaixado no pedal acelerador.

22

Insistir na boa conduta ecolóxica individual, en ser cidadáns e cidadás «ecoloxicamente virtuosos»? Xaora. Mais non porque —como reza o tópico— «cada gran de area conta», de xeito que os «xestos sinxelos» e indoloros poidan irse sumando ata «salvar a Terra»; non porque converténdonos un a un en «consumidores verdes» vaíamos deter a devastación da biosfera. **Ningunha suma de mudanzas nos hábitos individuais de consumo pode substituír as transformacións estruturais** (nas institucións políticas, no sistema de crédito, na economía produtiva) que son urxentemente necesarias.

De modo que as razóns que podemos invocar a prol da «virtude ecolóxica» son outras. En algures exploreinas con certo detalle. Aquí só quero apuntalas telegraficamente:

Un, construírmonos como suxeitos que manteñan a súa decencia básica: que poidan mirarse ao espello sen sentiren vergoña. Unha sociedade que busca manter as súas satisfaccións a custa de depredar o pasado e o futuro, a custa de arrebatarse os recursos que precisan os pobres e famentos de hoxe en día, e de ocupar o espazo ambiental que corresponde ás demais especies vivas, non pode estar integrada maioritariamente por suxeitos decentes.

E dous, non esquecer nunca que pequenas causas —en certas condicións críticas, cando un sistema complexo non lineal pode bascular dun estado para outro— **poden producir grandes efectos.** Esta é unha perspectiva sobre a que Edgar Morin insiste a miúdo...

Se se acepta o básico do razoamento anterior, está claro que unha economía que «faga as paces coa natureza», unha economía ecoloxizada, haberá ser **unha economía subordinada á sociedade e á biosfera: unha economía ecosocialista**. Mais como pensar a transición? En primeiro lugar, resulta desalentador comprobar como as numerosas experiencias cooperativas e comunitarias ensaiadas desde hai dous séculos dentro do marco capitalista acabaron, na gran maioría dos casos, sendo reabsorbidas por este. E, en segundo lugar, resulta deprimente constatar que as experiencias de xestión económica non capitalista, con planificación central imperativa, que seguiron á revolución soviética en 1917 conduciron á derradeira a monumentais desastres sociais e ecolóxicos. Non é este o lugar para desenvolver unha análise crítica de tales fenómenos. Valla simplemente sinalar, xunto cos marxistas estadounidenses Foster e Magdoff, que a transición hoxe precisa hai que a concibir como un proceso difícil e probablemente moi longo, non como un «asalto ao Palacio de Inverno». Pois

a loita é en última instancia contra o sistema do capital. Porén, ten que comezar opón-dose á lóxica do capital, esforzándose aquí e agora pola creación, nos intersticios do sistema, dun novo metabolismo social arraigado no igualitarismo, a comunidade e unha relación sustentable coa Terra. As bases para a creación dun desenvolvemento humano sustentable deben xurdir desde o interior do sistema dominado polo capital, sen seren parte del, como a mesma burguesía o fixo desde os «poros» da sociedade feudal. Ao cabo, estas iniciativas poden tornarse o suficientemente poderosas para constituíren as bases revolucionarias dun novo movemento e unha nova sociedade.

Reteñamos a última analoxía sobre a transición que precisamos: a comparación correcta non sería con tal ou cal comuna autoxestionada que en última instancia acaba sendo devorada pola dinámica de mercantilizar todo o divino e o humano, senón **co longo proceso de xestación da sociedade burguesa nos intersticios da sociedade feudal**.

O capitalismo global, e sobre todo o capitalismo financiarizado que non deixou de crecer desde os anos oitenta do século xx, é a máquina da cobiza. É autodestrutivo nun grao case inimaxinable..., mais autodestrúndose destrúenos. As rodas desa máquina deixaron de xirar.

Na perspectiva da sustentabilidade, a mudanza valorativa máis importante é pasar de «máis é mellor» a *o suficiente abunda*.

E 25 (FINAL CON EDGAR MORIN)

Cando un sistema é incapaz de resolver os seus problemas vitais por si mesmo, degrádase, desintégrese, a non ser que estea en condicións de orixinar un metasistema capaz de o facer e, daquela, metamorfoséase. O sistema Terra é incapaz de se organizar para tratar os seus problemas vitais: o perigo nuclear, agravado pola diseminación e, talvez, privatización da arma atómica; a degradación da biosfera; unha economía mundial carente de verdadeira regulación; o retorno das fames; os conflitos étnico-político-relixiosos que tenden a dexenerar en guerras de civilización... A ampliación e aceleración de todos eses procesos poden ser consideradas o desencadeante dun formidable *feedback* negativo, capaz de desintegrar irremediamente un sistema.

O probable é a desintegración. O improbable, malia que posible, a metamorfose. Que é unha metamorfose? O reino animal fornece exemplos. A eiruga que se encerra nunha crisálida comeza así un proceso de autodestrución e autorreconstrución ao mesmo tempo, adopta a organización e a forma da bolboreta, distinta á da eiruga, mais segue a ser ela mesma. O nacemento da vida pode ser concibido como a metamorfose dunha organización físico-química que, acadado un punto de saturación, crea unha metaorganización vivente, a cal, aínda cos mesmos constituíntes físico-químicos, produce calidades novas. A formación das sociedades históricas, no Oriente Medio, a India, a China, México ou o Perú, constitúe unha metamorfose a partir dun conglomerado de sociedades arcaicas de cazadores-recolectores que produciu as cidades, o Estado, as clases sociais, a especialización do traballo, as relixións, a arquitectura, as artes, a literatura, a filosofía... E tamén cousas moito peores, como a guerra e a escravitude.

A partir do século XXI, preséntase o problema da metamorfose das sociedades históricas nunha sociedade-mundo dun tipo novo, que englobaría os Estados-nación sen os suprimir. Pois a continuación da historia, é dicir, das guerras, por uns Estados con armas de destrución masiva conduce á *quasi* destrución da humanidade. A idea de metamorfose, máis rica ca a de revolución, contén a radicalidade transformadora desta, mais vencellada á conservación (da vida ou da herdanza das culturas) [...]. Para elaborar as vías que confluirán na Vía, temos de nos desfacer das alternativas redutoras ás que nos obriga o mundo de coñecemento e pensamento hexemónicos. Así, é preciso, ao mesmo tempo, mundializar e desmundializar, crecer e decrecer, despreparar e repregar [...].

Hai razóns para a esperanza? Podemos formular cinco:

1. O xurdimento do improbable. A vitoriosa resistencia, en dúas ocasións, da pequena Atenas fronte ao poderío persa era altamente improbable, mais permitiu o nacemento da democracia e a filosofía. Tamén foi inesperado o arrefecimento da ofensiva alemá ante Moscú, no outono de 1941, e improbable a contraofensiva vitoriosa de Zhúkov, iniciada o 5 de decembro, que viría seguida, o 8, polo ataque de Pearl Harbor e a entrada dos Estados Unidos na guerra.

2. As virtudes xeradoras-creadoras inherentes á humanidade. Igual que en todo organismo adulto existen células nai dotadas de aptitudes polivalentes (totipotentes) propias das células embrionarias, mais desactivadas, en todo ser humano, e en toda sociedade humana, existen virtudes rexeneradoras, xeradoras e creadoras dormentes ou inhibidas.

3. As virtudes da crise. Ao tempo que as forzas regresivas ou desintegradoras, as xeradoras e creadoras acordan na crise planetaria da humanidade.

4. As virtudes do perigo. «Aló onde medra o perigo, medra tamén o que nos salva». A dita suprema é inseparable do risco suprema.

5. A aspiración multimilenaria da humanidade á harmonía (paraíso, logo utopías, despois ideoloxías libertaria/socialista/comunista, máis tarde aspiracións e revoltas xuvenís dos anos sesenta). Esta aspiración renace no fervedoiro de iniciativas múltiples e dispersas que poderán alimentar as vías reformadoras destinadas a confluír na vía nova...

